

DECRETO DA ALCALDÍA**ASUNTO: CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO ABRIL 2019****EXPEDIENTE:****ANTECEDENTES:**

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1.c da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 78 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e en cumprimento do acordo plenario de organización da corporación local sobre periodicidade das sesións plenarias ordinarias, **RESOLVO:**

Primeiro.- Convocar **sesión ordinaria** do Pleno do Concello que terá lugar o vindeiro xoves, día 25 de abril de 2019, ás vinte horas e trinta minutos (20.30 horas), coa orde do día que se sinala a continuación:

ORDE DO DÍA:**A) PARA DAR CONTA:**

- 1.- Dación de conta ao Pleno da Corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.

B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:

- 2.- Aprobación, se procede, de actas anteriores (acta da sesión da ordinaria do 28 de marzo de 2019)
- 3.- Aprobación da novena modificación puntual da RPT consistente nunha nova valoración e adecuación do complemento de destino (niveis) dos postos da Policía Local.
4. Restablecemento das retribucións minoradas no complemento específico do persoal da Policía Local que ten sido obxecto de reclasificación profesional.
- 5.-Terceira modificación do Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ames. Período 2017-2018-2019.
6. Aprobación Plan de estabilización do emprego temporal no Concello de Ames en execución do establecido na Lei 6/2018, de 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.
7. Primeira prórroga do contrato de xestión do servizo público Ciclo Integral da Auga do Concello de Ames.
8. Aprobación da constitución da Asociación do Camiño da Ría de Muros Noia. Aprobación estatutos e designación de representante municipal.
9. Proposta dos membros da Corporación do Concello de Ames solicitando unha mellora da atención sanitaria urxente no transporte sanitario no Concello de Ames (R.E. núm. 20190000002445).

C) MOCIÓN**D) PARA CONTROL DO GOBERNO:**

- 10.- Rogos e Preguntas.

Segundo.- Comunicar ás/ós señoras/es concelleiras/os que os asuntos que haberán de tratarse na dita sesión atópanse a súa disposición para ser examinados na Secretaría Xeral a partir da data desta convocatoria.

No caso de non poder asistir á sesión plenaria, deberán acreditálo con antelación suficiente ante esta Alcaldía.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes (artigo 46.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril) entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro).

Terceiro.- Notifíquese en forma axeitada á legalidade.

O alcalde

A secretaria accidental

José M. Miñones Conde

Concepción Vilas Cantelar